

~~Segunda. Entrada en vigor.~~

~~Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira anterior, esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.~~

~~Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2010.~~

~~Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza~~

Orde do 19 de xaneiro de 2010 pola que se establece o complemento específico do persoal ao servizo da Administración de xustiza destinado no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

Mediante o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que, dentro do territorio de Galicia, desempeñaba a Administración do Estado sobre o persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O réxime retributivo do persoal ao servizo da Administración de xustiza está regulado no título VI do libro VI da Lei orgánica do poder xudicial (LOPX), que diferencia conceptos salariais de determinación estatal (retribucións básicas -soldo e trienios-, complemento xeral de posto e complemento de garda) e conceptos salariais de determinación autonómica. Son o complemento específico e a produtividade os conceptos que lles corresponde determinar ás comunidades autónomas con competencia.

Segundo o artigo 519.3º da LOPX, a contía individualizada do complemento específico fixaraa (...) o órgano competente da comunidade autónoma, tras negociación coas organizacións sindicais nos seus respectivos ámbitos, ao elaborar as relacións de postos de traballo.

A relación de postos de traballo (RPT) do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) foi aprobada pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Xustiza, por acordo do 1 de marzo de 2005. Á dita RPT non se incorporou o complemento específico porque naquel momento non estaba regulado o complemento xeral de posto para os médicos forenses, e a cuantificación deste elemento era esencial para a posterior determinación do complemento específico.

O Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, polo que se determinan os postos tipo das unidades que integran as oficinas xudiciais e outros servizos non xurisdiccionais e as súas correspondentes valoracións, para efectos do complemento xeral de posto dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, regulou o complemento xeral de posto non só para os funcionarios do corpo de médicos forenses, senón tamén para o conxunto do persoal ao servizo da Administración de xustiza destinado nos institutos de medicina legal.

Coa entrada en vigor deste Real decreto 1033/2007, xorde a necesidade de adaptar a relación de postos de traballo do Imelga ao previsto na Lei orgánica 19/2003. Esta necesidade de adaptación refírese fundamentalmente ao establecemento do complemento específico de cada posto, cuestión que é de competencia da comunidade autónoma, como anteriormente indicamos.

Para cumprir esta previsión e completar a regulación do réxime retributivo do dito persoal, por medio desta orde establécese o complemento específico dos postos de traballo incorporados á RPT do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Tendo en conta o anterior, e logo de seren oídas as organizacións sindicais, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto.

O obxecto desta orde é determinar o importe do complemento específico dos postos comprendidos na relación de postos de traballo do Instituto de Medicina Legal de Galicia

Segundo.-Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación desta orde comprende o persoal funcionario dos corpos de médicos forenses, de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial destinado no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

Así mesmo, comprende o persoal interino que desempeñe os ditos postos e mais o persoal que realice funcións de reforzo no dito instituto.

Terceiro.-Contía do complemento específico.

A contía anual do complemento específico para o ano 2010 queda establecida nas contías que para cada tipo de posto se recollen no anexo desta orde, referidas a doce mensualidades.

Cuarto.-Dereito á percepción.

1. O dereito á percepción económica do complemento específico regulado nesta orde será mensual, segundo o réxime previsto para o complemento específico na normativa sobre función pública da comunidade autónoma.

2. Se o período de desempeño do posto de traballo fose inferior ao mes ou o funcionario realizase unha xornada reducida con minoración de salario, a contía do complemento específico será proporcional ao período ou xornada efectivamente desempeñados.

Disposición transitoria

Única.-Exclusión da percepción do complemento autonómico transitorio.

O persoal comprendido nesta orde queda excluído do ámbito de aplicación do complemento autonómico

co transitorio para o persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Disposición derradeira

Primeira.-*Efectos económicos.*

Esta orde terá efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2010.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira anterior, esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Importes anuais do complemento específico dos diferentes postos de traballo do Instituto de Medicina Legal de Galicia para o exercicio 2010

Nivel nómina	Tipo de posto	Complemento específico 2010 (€)
30	Director do Imelga	9.239,64
31	Subdirector do Imelga	7.907,64
33	Xefe de servizo do Imelga	7.574,76
35	Xefe de sección do Imelga	6.908,64
37	Médico forense	5.340,00
54	Tramitador do Imelga	5.340,00
64	Auxilio xudicial do Imelga	5.340,00

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 17 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 17 de agosto de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 171, do 1 de setembro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade.

No *Diario Oficial de Galicia* número 187, do 23 de setembro de 2009, publicouse a Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade. As bases reguladoras da devandita subvención foron publicadas no *Diario Oficial de Galicia* número 171, do 1 de setembro de 2009 (Orde do 17 de agosto de 2009).

Unha vez rematada a tramitación de todas as solicitudes que se presentaron, e en cumprimento do artigo 11.3 da citada orde, debe dárselles publicidade ás subvencións concedidas.

En consecuencia,

RESOLVO:

Publicar como anexo as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 17 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2009.

Miguel Rodríguez Bugarín
Director xeral de Mobilidade

ANEXO

Subvencións concedidas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade (aplicación orzamentaria: 2009.43.05.512A.470.2)

Nº	Beneficiario	NIF	Importe
AB-1	José Luis Lareo Fernández	76784109N	3.500 €
AB-2	Juan Pardo Seara	34584252A	7.000 €
AB-3	Manuel Lamas Álvarez	32390453J	5.000 €
AB-4	Jesús Soto Pato	34537487C	1.200 €
AB-5	Manuel Gómez Grela	32349599F	3.000 €
AB-6	Juan Piñón Martínez	76392482Y	6.000 €
AB-7	Gualdemar Leonardo Álvarez Canceala	32392466W	7.500 €
AB-8	Enrique Otero Rodríguez	35974185T	6.000 €
AB-9	José Laureano Cebreiro Caaveiro	76393292B	6.000 €
AB-10	Manuel Iglesias Bustelo	76490658H	3.000 €
AB-11	José Brocos Salmonte	32189546V	5.500 €
AB-12	José Antelo Calvo	76681038C	3.000 €
AB-13	José Saavedra Lago	33179413G	2.000 €
AB-14	Manuel Castelao Uria	76552965S	4.500 €
AB-15	José Manuel Fernández Novoa	35984412S	3.200 €
AB-16	Jesús Fernández Reigosa	76549423H	6.500 €
AB-17	Celso López Salgado	34585377R	6.000 €
AB-18	Germán Rodríguez González	34564730P	3.000 €
AB-19	Francisco Rodríguez Medela	35972952D	6.500 €
AB-20	Santiago Jiménez Rodríguez	35984729X	3.000 €
AB-21	Enrique Pereira Alonso	35788540B	5.500 €
AB-22	Ramón Álvarez Teixeira	35975324N	5.500 €
AB-23	José Pérez Rodríguez	34584715Y	6.500 €
AB-24	José Manuel Martínez Fontaina	76787559N	4.500 €
AB-25	Antonio Álvarez Gil	34623257T	3.500 €
AB-26	Antonio Fernández Guerra	76601983T	2.000 €
AB-27	Jesús Manuel Alonso Sánchez	35384217M	3.000 €
AB-28	José Díaz Cangado	76795864Z	3.500 €
AB-29	Manuel Agra Pintos	35400424C	1.200 €
AB-30	Serafín López Aguiar	34239922Y	4.500 €
AB-31	José Rodríguez Sánchez	34231075Z	1.500 €
AB-32	Carlos Moreira Ordóñez	35971708F	3.700 €
AB-33	José Manuel Freire Casas	34581770M	4.700 €
AB-34	José Antonio Fernández Gregorio	76915599B	7.500 €
AB-35	Leopoldo Pérez Area	35985338W	3.000 €
AB-36	Maximino Fernández Fernández	34537624L	3.000 €
AB-37	Emilio Bermúdez Conde	34238264G	4.200 €
AB-38	Manuel González Freitas	34578523R	4.500 €
AB-39	Hermindo Manuel Antón González	40418766S	4.000 €
AB-40	Julio Iglesias Rodríguez	34576716B	6.000 €
AB-41	José Blanco González	76757084N	3.000 €
AB-43	Manuel Pereira Fontenla	35206991V	1.200 €
AB-44	Manuel Busto Cordo	76845846V	1.700 €
AB-45	Manuel Varela Campos	35210581L	1.200 €
AB-46	Eulogio Mariño Varela	76849884F	3.000 €
AB-47	José Ramón Quende Peón	32768445Y	3.500 €
AB-48	Félix Seara Vega	34704832V	3.000 €
AB-49	José Acebedo Martínez	34599828P	7.000 €